

ENTREGADOS A UNHA GRAN VOCACIÓN



A alegría de ser
catequistas!



CATEQUESE DE GALICIA

Curso 2022-2023



Catequese de Galicia

2022-2023

Presentación do curso

CARTEL E LEMA

Indicacións catequéticas

O cartel do presente curso está centrado na figura do e da catequista.

1. AS IMAXES

No plano superior do cartel vemos **unha man aberta**, estendida cara adiante, nun xesto que podemos entender tanto de acollida como de envío.

É a man de Xesús que nos chama (“Achegádevos a min”) e nos envía (“Ide e anunciade”). El está no centro da nosa vocación e misión:

Queridos catequistas, estades chamados a facer visible e tanxible a persoa de Xesucristo, que vos quere a cada un de vós e por iso se converte na regra da nosa vida e no criterio para xulgar os nosos actos morais. Nunca vos afastedes desta fonte de amor, porque é a condición de ser felices e estar cheos de alegría sempre e a pesar de todo. Esta é a nova vida que xorde en nós o día do bautismo e que temos a responsabilidade de compartir con todos para que medre en cada un e dea froito. (Francisco, Discurso ao III Congreso Internacional de Catequistas, 2022)

O catequista vive de maneira plena a condición de discípulo-misionero; discípulo fiel do Señor e misionero audaz para anunciar a Cristo, mesmo nas periferias sociais e existenciais do mundo de hoxe.

Para evitar o risco de caer nun afán pastoral estéril, o catequista debe formarse como discípulo misionero, disposto a empezar sempre de novo a partir da súa propia experiencia de Deus, que é quen o envía ao encontro dos seus irmáns no camiño da vida. Esta espiritualidade misionera, entendida como un encontro cos demais, un compromiso co mundo e unha paixón pola evanxelización, alimenta a vida do catequista e sálvalo do individualismo, do intimismo, da crise de identidade e de perder a ilusión na acción. (DC 135a)

Na parte inferior vemos a **un grupo de nenos e nenas** sorrindo que interaccionan con alguén que está fora do plano: o catequista. El está presente na mirada dos nenos, unha mirada que, ao igual que a man de Xesús, nos interpela, nos chama e nos convoca.

Eles, os catequizandos, conforman, en boa medida, a identidade de todo catequista, porque: son os interlocutores da nosa misión; son os que

Deus nos confiou para lles anunciar a Boa Nova; son os que dan sentido á nosa vocación de catequistas; son para nós un don e unha tarefa.

O catequista atopa a súa ledicia na felicidade que xorde nos nenos co anuncio da Palabra, sente o gozo de ser testemuña privilexiada do nacemento e renacemento de novos cristiáns á vida fermosa e feliz da fe (ver EG, 1)

No cartel aprécianse tamén **uns debuxos**: un rosario, un pan e un cáliz, unha cruz, un libro, unha bola do mundo e un año cunha cruz.

Estes debuxos indícanos algunhas das tarefas propias e específicas da catequese: ensinar a orar (rosario), incorporar á vida sacramental (pan e cáliz), aprender a vivir como cristiáns no medio do mundo (cruz e bola do mundo), coñecer a Palabra de Deus (libro), encontrarse con Cristo e entrar en relación de amizade con El (año cunha cruz).

Para lograr a súa finalidade, a catequese desenvolve diversas tarefas, interconectadas entre si, que se inspiran no modo en que Xesús formou aos seus discípulos: dáballes a coñecer os misterios do Reino, ensináballes a orar, propoñíalles as actitudes evanxélicas, iniciábaos na vida de comunión con El e entre eles e na misión. Esta pedagogía de Xesús modelou despois a vida da comunidade cristiá: «eran perseverantes en escoitar a ensinanza dos apóstolos, na comunión da vida, no rito de partiren o pan, e nas oracións» (Ft 2, 42). A fe, de feito, esixe ser coñecida, celebrada, vivida e rezada. Así pois, para formar nunha vida cristiá integral, a catequese desenvolve as seguintes tarefas: conduce ao coñecemento da fe, inicia na celebración do Misterio, forma para a vida en Cristo, ensina a orar e introduce na vida comunitaria. (DC 79)

Os textos que aparecen escritos no cartel forman parte do lema no que se quere insistir ao longo deste curso.

2. O LEMA: *Entregados a unha gran vocación. A alegría de ser catequistas!*

O Directorio para a catequese recorda que o catequista:

é un cristián que recibe a chamada particular de Deus que, acollida na fe, capacítalo para o servizo da transmisión da fe e para a tarefa de iniciar na vida cristiá (DC, 112).

A vocación para este ministerio nace, de maneira máis ou menos consciente, da paixón por compartir con outras persoas a alegría da fe que dá sentido á propia vida e do sincero desexo de cooperar con Deus na construción do seu reino; como di o Directorio para a catequese:

Poder colaborar con El, ademais de consolar, serenar e confirmar na esperanza, é motivo de grande alegría, porque o Señor de todo o creado elixe ter como colaboradores as súas criaturas. (DC 427)

E unha vocación seriamente asumida esixe, tamén, unha entrega xenerosa. O catequista conforma a súa vocación na entrega a Deus a través da entrega aos seus catequizandos, e nela descobre que:

a vida alcánzase e madura a medida que se entrega para dar vida aos outros. Iso é en definitiva a misión. (EG 10)

A alegría cristiá nace, como sinala o Papa Francisco na exhortación *Evangelii gaudium*, do encontro con Cristo: “con Xesucristo sempre nace e renace a alegría”. (EG,1)

Esta alegría é expansiva e contaxiosa; e tende a comunicarse porque toda persoa que se atopou con Cristo sente a necesidade interior de compartir a lelicia da fe.

▪ **O catequista é unha persoa alegre**

El/ela transmite con esperanza aquilo no que cre; é capaz de destacar e sacar o que de bo e positivo hai en calquera persoa; percibe na realidade, a pesar dos seus aspectos negativos, a presenza de Deus.

E oxalá o mundo actual —que busca ás veces con angustia, ás veces con esperanza— poida así recibir a Boa Nova, non a través de evanxelizadores tristes e desalentados, impacientes ou ansiosos, senón a través de ministros do Evanxeo, cunha vida que irradia o fervor de quen recibiu, ante todo en si mesmos, a alegría de Cristo. (EG 10)

▪ **O catequista sente a alegría da súa vocación**

Participa, como toda persoa crente, da alegría do encontro con Xesús; pero ademais, en virtude da súa vocación, sente o gozo de saberse elixido para unha misión; a el acáenlle as palabras do Papa Francisco sobre os misioneiros:

un misioneiro entregado experimenta o gusto de ser un manancial, que desborda e refresca aos demais. (EG 272)

▪ **O catequista vive a alegría da súa misión**

A alegría do Evanxeo que enche a vida da comunidade dos discípulos é unha alegría misioneira. [...] Esa alegría é un signo de que o Evanxeo foi anunciado e está a dar froito. (EG 21)

O catequista ten a certeza de que exercendo a súa misión, aínda que poida parecer pequena e insignificante, está colaborando coa función maternal da Igrexa, está xerando novas vidas para Cristo, está colaborando a facer medrar a semente de fe no corazón dos bautizados. E iso é fonte de inmensa alegría.

DECÁLOGO DO CATEQUISTA

(con base na Exhortación Apostólica *Evangelii Gaudium*)

- 1.** O catequistaponse ao servizo da Boa Nova e do seu anuncio: Xesucristo morto e resucitado para a nosa salvación (o kerigma).
- 2.** O catequista ten que renovar e actualizar cada día a alegría de ser cristián, e a experiencia de fe que dá sentido á súa vida e á súa vocación.
- 3.** O catequista sabe que a finalidade da catequese é que a persoa se atope con Cristo; xa que logo todo o que se faga na catequese ten que provocar ese encontro.
- 4.** O catequista non esquece que a «orixe, lugar e meta de toda catequese» é a comunidade cristiá.
- 5.** O catequista segue a pedagogía do Camiño de Emaús: suscitar preguntas, iluminar coa Palabra de Deus, invitar ao compromiso e alimentarse da oración e da Eucaristía.
- 6.** O catequista recoñécese como pedagogo; acompaña e axuda á persoa para que, coa graza de Deus, se atope con Xesucristo.
- 7.** O catequista non se limitará, no acto catequético, a comunicar unha mensaxe; senón que se preocupará por coñecer á persoa para saber usar as linguaxes que mellor axuden a “tocar” o corazón e provocar unha resposta de fe.
- 8.** O catequista preocúpase por ser unha testemuña fiel do Evanxeo.
- 9.** O catequista gusta de integrar á familia no proceso catequético; ela é o piar fundamental para que madure a semente da fe.
- 10.** O catequista, movido pola conversión ao Evanxeo e a fidelidade ao interlocutor, busca ser creativo na catequese: “A viño novo odres novos”.

CELEBRACIÓN

MONICIÓN DE ENTRADA

Hoxe comeza na nosa parroquia a catequese; é unha das tarefas máis fermosas e propias da Igrexa, que ten como misión o anuncio do Evanxeo, da ledicia do Evanxeo. Así nolo recorda o Papa Francisco cando nos di: A ledicia de ser crente (e catequista) brota do encontro con Xesucristo.

Os catequistas son elixidos para levar a cabo esta fermosa tarefa: encontrarse con El e axudar aos catequizandos a facelo, no seo da nosa comunidade cristiá, sendo dóciles ao Espírito de Deus e en nome da Igrexa.

Pedimos hoxe para nós e para eles saber vivir e comunicar a ledicia do Evanxeo.

Envío de catequistas

Despois da homilía, faise a monición ao rito de envío e o sacerdote convida aos catequistas a poñerse de pé, mentres o resto da asemblea permanece sentada.

CHAMADA E PRESENTACIÓN

Poñédevos en pé os que ides recibir a misión de catequista!

Os catequistas póñense de pé no seu sitio, mentres os fieis seguen sentados

MONICIÓN

Agora imos pedir ao Señor que alumee e acompañe a fermosa misión de transmitir a fe, que algúns membros da nosa comunidade, e no noso nome, van desempeñar durante este curso a nenos, xoves e adultos. Oremos con eles por eles.

EXHORTACIÓN DO SACERDOTE

Benqueridos catequistas:

Encoméndasevos hoxe a fermosa e leda tarefa de comunicar a Xesucristo aos vosos catequizandos; sabemos que o faredes con entrega e xenerosidade, e tamén que o faredes con alegría.

Por iso, antes de ser enviados, é necesario que lembredes o voso propio bautismo e profesedes publicamente a vosa fe, que xuntos invoquemos ao Espírito Santo para que vos asista e que vos comprometades a vivir fielmente a fe que estades chamados a transmitir.

PROFESIÓN DE FE E COMPROMISO:

Os catequistas poden acender unha vela do cirio pascual, que se atopará no presbiterio, ou achegarse ó entorno do altar.

➤ Credes en Deus Pai Todopoderoso, Creador do ceo e da terra?

Catequistas: **Si, creo.**

➤ Credes en Xesucristo, o seu único Fillo, o noso Señor, que naceu de Santa María Virxe, proclamou con obras admirables o Evanxeo de Deus, morreu, foi sepultado, resucitou de entre os mortos e está sentado á dereita do Pai?

Catequistas: **Si, creo.**

➤ Credes no Espírito Santo, na santa Igrexa católica, na comunión dos santos, no perdón dos pecados, na resurrección dos mortos e na vida eterna?

Catequistas: **Si, creo.**

➤ Estades dispostos a realizar a vosa tarefa de catequistas vivindo a fe con sinceridade de corazón e proclamando de palabra e de obra o primeiro anuncio: XESUS RESUCITADO QUÉRETE E NUNCA TE ABANDONA, segundo o Evanxeo e a tradición da Igrexa?

Catequistas: **Si, estou disposto.**

- Procuraredes vivir a alegría de ser catequistas, cuidando o encontro co Señor na oración e na Eucaristía da comunidade, buscando unha mellor formación para unha nova catequese en tempos novos?

Catequistas: **Si, procurarei.**

- Prometedes, coa axuda do Espírito Santo, perseverar na tarefa a pesar das dificultades, realizala con dilixencia segundo a vosa capacidade e buscar en todo o ben da Igrexa e daqueles que se vos encomendan?

Catequistas: **Si, prometo.**

BENDICIÓN DOS CATEQUISTAS:

Inclinádevos, pois, para pedir a forza do Espírito

En silencio o sacerdote impón sobre os catequistas as mans e di a continuación:

Oh Deus, que enviaches o teu Fillo único para revelarnos o misterio do teu amor! Suplicámosche que derrames a túa bendición sobre estes irmáns elixidos para o ministerio de catequistas. Axúdaos a meditar a túa Palabra e a vivir centrados na Eucaristía, para que sexan fieis testemuñas da fe e mestres cribles do teu amor. Fainos sementadores da alegría do Evanxeo no corazón dos nenos, adolescentes, xoves e adultos que a túa Igrexa lles encomenda. E concédelles un día o premio eterno reservado aos traballadores da viña do Señor. Por Xesucristo Noso Señor Amén.

MATERIAIS CATEQUÉTICOS

NENOS/AS 6-7 anos		
Catecismo “Mi encuentro con el Señor”	CEE	Castelán
Libro de actividades “Espertamos á fe”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagóxica “Despertamos a la fe”	Secret. Galicia	Castelán
NENOS/AS 7-9 anos		
Catecismo “Xesús é o Señor”	CEE	Galego/Castelán
Libro de actividades 1º ano “Creo en Xesús”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro de actividades 2º ano “Creo en Xesús”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagóxica 1º e 2º ano “Creo en Xesús”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
PREPARACIÓN INTENSIVA 1ª COMUÑÓN		
Carpeta de actividades “Camiñamos ó encontro de Xesús”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
Guía pedagóxica “Camiñamos ó encontro de Xesús”	Secret. Galicia	Galego/Castelán
POSTCOMUÑÓN (10-14 anos)		
Catecismo “Testigos del Señor”	CEE	Castelán
Libro de activ. 1º “La Verdad que nos hace libres”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 1º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 2º “El Camino que conduce al Padre”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 2º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 3º “La Vida que nos colma de alegría”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 3º	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Libro de activ. 4º “Somos testigos del Señor”	Sc. Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica 4º	Sc. Galicia/PPC	Castelán

Libro 1: “A Alianza de Deus connosco”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 2: “Deus dános unha nova vida”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Libro 3: “O Reino de Deus”	Sc. Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía Pedagóxica dos libros 1, 2 e 3	Sc. Galicia/PPC	Castelán
CONFIRMACIÓN		
“El don del Espíritu” (preparación para la Confirm.)	Sc.Galicia/PPC	Castelán
Guía pedagóxica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
“Confirmados na fe” 1 e 2	Sc.Galicia/PPC	Galego/Castelán
Guía pedagóxica	Sc.Galicia/PPC	Castelán
“Camino de fe” (para a confirmación de adultos)	Sc.Galicia/PPC	Castelán
CATEQUISTAS		
“Escola de catequistas 1” (12 temas Cat. Fundamental)	Secret. Galicia	Galego/castelán
FAMILIA		
“O bautismo do noso fillo” (5 temas prebautismais)	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagóxica “O bautismo do noso fillo”	Secret. Galicia	Galego/castelán
“O espertar relixioso” (3 temas para a familia)	Secret. Galicia	Galego/castelán
“Iniciación na fe” (3 temas para pais dos nenos 6-7 anos)	Secret. Galicia	Galego/castelán
“Encontro con Xesús” (3 temas pais nenos 7-9 anos)	Secret. Galicia	Galego/castelán
“Iniciación sacramental” (5 temas pais de 1ªComuñón)	Secret. Galicia	Galego/castelán
Guía pedagóxica dos folletos anteriores	Secret. Galicia	Castelán
COLECCIÓN “EN FAMILIA”		
“Para orar... en familia”	Secret. Galicia	Galego/castelán
“O Credo... en familia”	Secret. Galicia	Galego
“Os Mandamentos... en familia”	Secret. Galicia	Galego
AUDIOVISUAIS		
Vídeos e outros materiais en recursos.catequesisdeg Galicia.com		



www.catequesisdegalicia.com
recursos.catequesisdegalicia.com